

**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACION O DIA 29  
DE ABRIL DE 2016**

Asistentes

SR. ALCALDE:

FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ

CONCELLEIROS:

Polo BNG:

MARIA CRISTINA CID FERNÁNDEZ  
BERNARDO VARELA LÓPEZ  
MARIA ELENA SUÁREZ ESTEVEZ  
FRANCISCO ALEJANDRO PIÑEIRO  
RODRIGUEZ  
MARIA TERESA DEVESA GRAÑA  
ALBERTO CONDE RODRIGUEZ  
MARIA ISABEL POISA REY  
MANUEL CID PÉREZ

Polo PP:

LUZ DOPORTO REAL  
M<sup>a</sup> DEL CARMEN PÉREZ GONZÁLEZ  
JOSÉ DANIEL RODICIO PÉREZ

Polo PSdeG-PSOE:

ZAIDA AUXILIADORA RODRIGUEZ CAMBA

SECRETARIO:

*Don Maximino Jardón Pedras*

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Allariz, cando son as VINTE HORAS (20:00) do día VINTENOVE de ABRIL do DOUS MIL DEZASEIS, previamente convocados, reuníronse os Sres. Concelleiros á marxe relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Francisco García Suárez, a fin de celebrar unha sesión ordinaria polo Pleno da Corporación.

Sen incidencias.

---&&&---

## ORDE DO DIA

0. Declaración institucional sobre a festa do boi de Allariz.
1. ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador acta da sesión anterior.
2. Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.
3. Expediente de axudas para o proxecto anual de servizos sociais comunitarios.- Dar conta e ratificación do Decreto de data 31 de marzo polo que se solicitou á Consellería de Política Social a axuda económica correspondente á anualidade 2016.
4. Iniciativa popular contra os tratados do TTIP, CETA, EPA e TISA.
5. REATUR,SA.- Constituído o pleno en xunta xeral da empresa municipal Reatur, SA, aprobación, se procede, da conta anual do exercicio 2015.
6. MEDIOAMBIENTAL ALARICANA, SL.- Constituído o pleno en xunta xeral da empresa municipal Medio Ambiental Allaricana, SL, aprobación, se procede da conta anual do exercicio 2015.
7. Rogos e Preguntas.

---&&&---

### 0. Declaración institucional sobre a festa do boi de Allariz.

O Sr. Alcalde deu lectura a unha declaración institucional, previamente consuada por todos os Grupos Políticos na Xunta de Portavoces celebrada nesta mesma data do 29/04/2016 con motivo da Festa do Boi de Allariz.

#### ***Declaración Institucional***

*Ante a campaña de ataque á Festa do Boi e atendendo a proposta da Asemblea de Veciños celebrada o pasado xoves, día 28 de abril, o pleno da corporación municipal de Allariz acorda facer a seguinte declaración institucional:*

*A Festa do Boi é unha manifestación cultural que pervive no noso pobo dende hai sete séculos. Representa un vínculo de unión veciñal e un compromiso coas nosas raíces, fondamente vencelladas a un pasado medieval de recoñecida relevancia histórica.*

*A presenza do boi nas actividades festivas xustifícase pola propia esencia da tradición xa que é este animal o protagonista positivo e o símbolo duns feitos que nos retrotraen ao ano 1317 e aos enfrontamentos sociais entre xudeus e cristiáns.*

*O Boi de Corpus é unha festa de orixe medieval auténtica que non garda ningunha relación con festexos taurinos nin con tradicións nos que os animais son agredidos, sometidos a situacións violentas ou asasinados. A Festa do Boi é galega 100%; non é unha celebración taurina, nin pola súa realidade obxectiva nin polo sentimento subxectivo do pobo que a protagoniza. As Carreiras do Boi non son un ataque contra o animal senón unha homenaxe ao seu papel lendario no ano 1317. O boi é considerado un membro máis da comunidade veciñal e como tal é tratado.*

*O Concello de Allariz considera de gran valor o enriquecemento cultural que a Festa do Boi experimentou dende finais do século XX. O seu programa de actos é un bo exemplo do que o compromiso veciñal e o traballo comunitario poden conseguir e este Concello séntese orgulloso desa realidade.*

*A participación cidadá ten nesta festa un bo exemplo, dende a estrutura organizativa ao desenvolvemento das numerosas actividades lúdicas e culturais, pasando polo financiamento, que é asumido polos propios veciños coas súas contribucións individuais.*

*Tradición adecuada aos tempos, participación cidadá e respecto polas persoas, polos animais e polo patrimonio monumental e natural son eixes do traballo municipal que teñen acaído reflexo na Festa do Boi.*

*Como consecuencia deses valores, a festa tense convertido nun importante axente de dinamización económica, aspecto que, sen ser o máis relevante, non merece ser ignorado, posto que é un bo exemplo de como a historia pode converterse nun revulsivo económico e nunha ferramenta para garantir o futuro no medio rural galego.*

*O pleno da Corporación municipal de Allariz manifesta o seu apoio decidido á Festa do Boi e lamenta que se trate de danar a imaxe deste concello terxiversando a realidade da súa tradición máis sentida.*

*Allariz, 29 de abril de 2016.  
O Alcalde,  
Francisco García Suárez*

**1. ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador acta da sesión anterior.**

*Aprobase pola unanimidade dos doce concelleiros presentes na sesión no momento da votación, dos trece que legalmente integran esta Corporación local, sen modificación algunha.*

**2. Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.**

Están a disposición dos grupos políticos no Libro de Decretos, na Secretaría, sinala o alcalde.

**3. Expediente de axudas para o proxecto anual de servizos sociais comunitarios.- Dar conta e ratificación do Decreto de data 31 de marzo polo que se solicitou á Consellería de Política Social a axuda económica correspondente á anualidade 2016.**

Da conta a concelleira de benestar social, María Isabel Poisa Rey, recordando que unha importante partida dos orzamentos está destinada a servizos sociais. Así, o gasto ordinario para esta finalidade é de 411.681,78 euros, dos que un 73,13%, 301.062,88 euros, é a achega propia do concello, mentras que o achegamento solicitado á Xunta é un 26,87%, que serían 110.614,6 euros. Estes cento dez mil euros estarían destinados, uns 42.055 euros, para a axuda de gasto de persoal, e 68.559 euros, para axuda no fogar na modalidade de dependencia, sendo a achega do concello para estas partidas de 53.000 euros en gasto de persoal e 32.000 en dependencia. A xestión de programas de servizos sociais ten unha estimación de gastos de 164.700 euros, en programas destinados a toda a poboación. O fin é intentar a continuidade dos usuarios nos seus domicilios coas súas necesidades básicas cubertas; información e orientación á cidadanía, apoio á unidade de convivencia, actuacións específicas de prevención e inserción, actuación cos maiores facilitando o envexecemento activo e solidario mediante obradoiros terapéuticos e diversas actividades desenvolvidas ó longo do ano tanto na Vila como no Rural: ximnasia, cantos, excursións, memoria, novas tecnoloxías, manualidades, etc. Na área de educación e orientación familiar, trabállase a día de hoxe con 23 usuarios: 18 con problemática social ou familiar e 5 casos de violencia de xénero, asumindo tamén os casos que nos derivan do IES e do CEIP. Neste momento tamén ó redor de 10 familias dependen dos servizos sociais deste concello para paliar contingencias de emerxencia social: pagamento de aluguer, luz ou auga. De feito, tan só nestes 3 meses do ano xa se levan pagado por este concepto 2.500 euros. Esta concellería, continúa, intervéñ na escola infantil asumindo o mantemento da escola, cunha estimación de gastos de 82.000 euros. En axuda no fogar, o programa xantar sobre rodas, atende a día de hoxe, a 51 usuarios e ten unha estimación de

gasto de 72.000 euros, elaborándose dietas equilibradas e menús adaptados ás necesidades dos usuarios, servizo que se realiza de luns a venres, cun traballador encargado de facer o reparto diario na Vila e no Rural. En axuda no fogar cóntase neste momento con 9 auxiliares, para prestación básica e de dependencia. En prestación básica, aténdense a 19 unidades familiares, de luns a domingo, cunha estimación de 3.500 horas anuais, cunha estimación de gasto de 49.770 euros. O custe total en dependencia é de 101.213 euros, sendo o cofinanzamento solicitado de 68.559 euros, e a achega propia do concello de 32.654 euros. Aténdense neste momento en dependencia outras 19 unidades familiares de luns a domingo cunha estimación de 7.068 horas anuais. A parte negativa de todo isto é a lista de espera e a pouca axilidade en moitas ocasións da administración autonómica na valoración de casos pendentes, hai nestes momentos 10 casos en lista de espera: 2 de grao 3, 2 de grao 2 e 6 de grao 1, do que se deduce que o número estipulado por parte da Xunta non é suficiente. Necesitaríanse unhas 350 horas mais ó mes para poder aliviar esta lista de espera. A Xunta, por outra parte, leva un tempo prometendo e falando dun número de horas, pero de momento ese aumento de horas non está materializado nin feita a valoración de posibles novos usuarios. Nalgún caso, e por desgracia, a espera non chega a tempo, sinala. Por último, conclúe resaltando o gran esforzo deste concello para que o estado do benestar perviva entre os nosos veciños.

Non hai intervencións por parte dos grupos municipais.

Polo exposto,

De conformidade co dictamen favorable da comisión de facenda, persoal e réxime interior de data 26/04/2016.

O Pleno, pola unanimidade dos trece concelleiros que legalmente integran esta corporación local, ACORDA:

Ratificar o Decreto de data 31 de marzo de 2016, co seguinte teor literal:

*ASUNTO: Proxecto Anual de Servizos Sociais Comunitarios Municipais (PASSCM).*

*Visto o Proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais (PASSCM).*

*En uso das atribucións que me confire o artigo 21.1.f) da Lei 7/1985. de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.*

**RESOLVO:**

1.- *Aprobar o Proxecto anual de Servizos Sociais comunitarios municipais (PASSCM).*

2.- *Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal reguladora no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.*

*Que o importe total do financiamento solicitado, segundo se reflicte no resumo xeral é de 110.614,60 €, co seguinte detalle:*

- Persoal	42.055,00 €
- Axuda no fogar:	
<i>Modalidade para persoas valoradas como dependentes:</i>	68.559,60 €

3.- *Declarar que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse nas mesmas condicións que no ano anterior.*

4.- *Asumir o compromiso de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual prestado para a solicitude da*

transferencia finalista correspondente ao exercicio 2016 na contía de 301.067,18 € que supón unha porcentaxe do 73,13 % sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.

5.- Dese conta ao Pleno da Corporación para a súa ratificación. O Alcalde. Asdo: Francisco García Suárez. Dou fe, o secretario.

#### **4. Iniciativa popular contra os tratados do TTIP, CETA, EPA e TISA.**

Da conta da iniciativa asinada por 318 veciños e presentada por escrito de data 25 de abril de 2016, con rexistro de entrada núm. 1225, ó abeiro do disposto no artigo 17 do Regulamento de Participación Cidadá, da que da conta o propio Alcalde nos seguintes termos:

##### ***Iniciativa Popular contra os tratados do TTIP, CETA, EPA e TISA***

##### **Declaración de Concello opposto aso Tratados de Libre Comercio.**

*Iniciativa Popular presentada para que o Concello de Allariz declare a súa oposición aos Tratados de Libre Comercio ( TTIP, CETA, EPA e TISA ) que na actualidade se negocian por parta da Comisión Europea, así como a todos os mecanismos de arbitraje e cooperación regulatoria que nestes e noutros tratados se imponen en detrimento da democracia, o ben común e os dereitos e liberdades das persoas e os pobos.*

##### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS :**

*Por parte da Comisión Europea négóciáanse na actualidade, con outros países, unha serie de Tratados de Libre Comercio ( TLC) nos que, baixo a desculpa de facilitar o comercio e os investimentos entre países, establécense as bases para a privatización definitiva dos bens común e os servizos públicos, a subtracción da soberanía popular, o sometemento de institucións e marcos legislativos e , en definitiva, a submisión dos dereitos e liberdades fundamentais aos intereses particulares das grandes empresas transnacionais.*

*Os principais acordos en fase de negociación dos que se teñen noticia son o Tratado Transatlántico para o Comercio e o Investimento (TTIP), que se negocia con Estados Unidos; o Acordo Económico e Comercial Global (CETA) con Canadá; os Acordos de Asociación Económica (EPA) con países de África; e o Acordo sobre Comercio de Servizos (TISA), que implica á Unión Europea, Estados Unidos e outros 22 países.*

*As negociacións destes tratados estanse celebrando a porta pechada, de maneira opaca, cunha intolerable ausencia de transparencia e control democrático por parte da cidadanía e dos seus representantes políticos ( parlamentos nacionais e europeo), pero cunha ampla presenza de lobbies das empresas trasnacionais.*

*Máis alá dun acordo comercial o TTIP e o CETA prentenden harmonizar as leis de Estados Unidos e Canadá cos da Unión Europea, de xeito que as diferentes normativas sobre protección social, laboral ou ambiental non sexan un obstáculo ao libre mercado. Así, nun futuro próximo ímonos atopar cun mercado laboral desregulado; coa anulación do "principio de precaución "que poría en perigo a nosa saúde e seguridade; co reforzó das patentes e o monopolio sobre medicamentos que encarecería precios; coa imposibilidade de protexer os produtos locais e a desaparición das denominacións de orixe; coa competencia desleal das grandes granxas americanas aos nosos pequenos produtores agropecuarios; coa redución fiscal ás grandes empresas e fortunas; ou coa desaparición de milleiros de postos de traballo e de pequenas e medianas empresas, entre outras consecuencias derivadas destes tratados.*

*Proponse a creación do Consello de Cooperación Regulatoria, que supervisará tódalas regulamentacións e actos normativos da EU e dos seus Estados membros, incluídos os gobernos a nivel central e local, en relación ao estipulado en calquera dos capítulos destes tratados. Neste ente permanente participan ademais dos representantes gobernamentais os propios lobbies das empresas transnacionais, que terán a potestade de esixir cambios nas lexislacións actuais, así como de vetar futuras normativas se consideran que as mesmas lesionan os eus investimentos. Isto é, crear un organismo con participación de compañías privadas que decide que leis poden, ou non, ser debatidas e aprobadas polos parlamentos e gobernos elexidos democráticamente polos cidadáns.*

*Estes acordos suponen así mesmo a creación dun marco pseudo-xurídico das relación estado-empresas: sendo os tribunais arbitrais do Decreto Cooperativo Global, alleos aos principios básico do estado de dereito, os que rexan as relación entre institucións públicas e empresas transnacionais. No caso de que os investidores estranxeiros presentaren conflitos cos Estados, un tribunal especial de arbitraje encargárase de resolver de acordó coa cláusula de "Resolución de conflictos Inversor-Estado" ( ISDS en inglés ), ou ben polo máis novo Sistema de Tribunal de Inversións (ICS). Este tribunal tería competencias para impor compensacións económicas aos Estados en beneficio dos investidores estranxeiros, se estes demostran que as normas adoptadas polos gobernos afectan os seus beneficios presentes ou futuros. Así, medidas como a subida do Salario Mínimo Interprofesional, o incremento dos impostos ás grandes corporacións ou o aumento das exixencias ambientais ás empresas contaminantes poderían supor sancións financeiras multimillonarias ás arcas públicas.*

*En relación ao acordó cos países africanos (EPA), o seu obxectivo é suprimir o 75% dos dereitos de aduana sobre as importacións procedentes da UE nos países africanos. Isto resultará especialmente prexudicial para os países africanos, por abrir as súas portas á competencia desleal das grandes empresas europeas. Pero en segunda instancia tamén prexudica á poboación europea, dado que favorece un modelo de agricultura produtivista, contaminante e pouco intensiva en empregos, que será competencia directa para o noso sector agrario, ademais de repercutir sobre unha migración masiva de poboación africana cara a Europa pola ruína das súas economías.*

*Pola súa banda o TISA ten como obxectivo a privatización dos servizos públicos, abrindoos á competencia internacional, e previr calquera intervención pública. Prohibese expresamente a xestión pública ou o cambio de regulación de servizos que alguna vez fosen xestionados de maneira privada. O que supón a imposibilidade da remunicipalización ou calquera forma de recuperación de servizos privatizados, aínda naqueles casos en que se demostre que a xestión privada non garante uns niveis básicos de calidade, cobertura e sustentabilidade. Entre os servizos obxecto de liberalización están incluídos a educación, a sanidade, a seguridade social, a xestión da auga, a xustiza, ou a seguridade (policía e exército) . A partir da sinatura do tratado, a potestade do Estado e das Administracións Públicas para dar estes servizos estará supeditada ás normas da competencia, polo cal pode ser un importante paso para o desmantelamento do Estado Social e de Dereito tal e como o coñecemos.*

*Este espírito liberizador inclúe tamén as compras e licitacións de bens e servizos das Administacións Públicas, o que compromete a facultade dos representantes elixidos para administrar libremente as súas comunidades locais e promover a actividade industrial, o emprego e as iniciativas locais. O tempo que supón un paso atrás na lei de contratación pública da Unión Europea na que ademais dos criterios económicos admitense outros como os sociais ou os ambientais.*

*Este tratado asínase con países que non cumpren os convenios da OIT, polo que expoñemos ás nosas empresas á competencia doutras que son máis competitivas porque explotan máis aos seus traballadores, o que levará ao peche de pequenas e medianas empresas e á posterior deterioración dos nosos dereitos laborais para gañar en competitividade.*

*Os tratos aquí mencionados recollen cláusulas de blindaxe, de tal xeito que só poderan ser enmendados ou anulados co consentimento unánime de tódolos asinantes, eo que supón na práctica o sometemento de calquer futuro goberno ao aquí pactado.*

*Estes mecanismos supoñen un ataque frontal á soberanía dos pobos, limitando a capacidade das Administracións Públicas de calquer nivel (estatal, autonómico ou municipal) para adoptar políticas encamiñadas a cubrir as necesidades dos cidadáns e a defender os seus dereitos e liberdades, e implican supeditar as institucións e marcos legais aos intereses particulares das grandes empresas multinacionais.*

*Baixo o pretexto de facilitar os intercambios económicos e de investimentos entre países, trátase de impor un novo modelo de gobernanza que porá a soberanía, os dereitos e liberdades, a seguridade, a saúde pública, os bens común, os servizos públicos, a protección das economías locais, as pequenas e medianas empresas e os traballadores en mans das grandes corporacións.*

#### **XUSTIFICACIÓN:**

- *A cidadanía no seu conxunto, así como os seus gobernos ( estatais, autonómicos e locais ) , teñen o dereito de ser informados e consultados sobre a lexislación acordada a escala europea e que lles afecta de xeito directo. Este dereito está ser vulnerado de maneira flagrante, a respecto das negociacións que se veñen producindo arredor do TTIP; o TISA e outros tratados de libre comercio.*

- *O comercio e o investimento soamente poden contribuir ao ben común baseados en criterios de xustiza social, económica e ecolóxica, criterios que non están a ser aplicados no desenvolvemente destes tratados.*
- *A privatización dos servizos públicos proposta por estes tratados restrinxe a súa universalidade e accesibilidade, aumenta o seu custe e reduce a súa calidade, polo que a súa xestión debe ser pública, artellando mecanismos de control social.*
- *O dereitos humanos e os dereitos sociais son dereitos inalienables, polo que non poden depender da lóxica do mercado.*
- *As institucións públicas e os marcos legais débense á defensa dos dereitos e liberdades das persoas e os pobos, o ben común e o interese xeral, por enriba de calquer consideración relativa ao libre mercado ou aos intereses particulares das empresas transnacionais.*
- *As Corporacións Locais son as canles máis axeitadas para promover os servizos públicos e o fomento da economía, da industria e do emprego local. Sendo os Concellos as institucións democráticas máis próximas á cidadanía teñen un papel prioritario na defensa dos dereitos sociais, económicos e ambientais das veciñas e veciños, polo que teñen o deber de inxerencia respecto ao que persegue o TTIP, o TISA e os outros tratados de libre comercio.*

*En base ao anteriormente exposto, a Iniciativa Popular contra os tratados do RRIP, CETA, EPA e TISA solicita ao pleno do Concello de Allariz a adopción dos seguintes*

**ACORDOS :**

- 1) *Declarar ao Concello de Allariz como municipio oposto ao RRIP, TISA, CETA EPA e aos Tratados de Libre Comercio que negocia na actualidade a Comisión Europea, así como a todos os mecanismos de arbitraje e cooperación regulatoria que neste e noutros tratados se imponen en detrimento da democracia, o ben común e os dereitos e liberdades das persoas e os pobos.*
- 2) *Solicitar ao Goberno de España, así como aos grupos parlamentarios do Congreso dos Diputados e do Parlamento Europeo, o seguinte:*
  - *Que se opoñan á aprobación do TTIP, o CETA, o EPA e o TISA, e de todos aqueles Tratados de Libre Comercio que contraveñan os principios de xustiza social, económica e ecolóxica, que non sexan desenvolvidos de maneira pública e transparente, e que vaian en detrimento da democracia, a soberanía popular, o ben común e o interese xún e o interese xeral.*
  - *Que velen porque os mecanismos de arbitraje e resolución de conflitos entre investigadores e estados ( disposicións do tipo ISDES ou ICS) non sexan incluídas en ningún futuro tratado de comercio ou investimentos, e que desaparezan dos tratados existentes.*
  - *Que se opoñan á participación directa ou indirecta das Empresas Transnacionais, a través de calquer tipo de organismo ou lobbies, nos procesos reguladores ou normativos da UE e os deus Estados Membros, en relación con temas sociais, laborais, sanitarios, medioambientais ou calquera outra materia que afecte ao interese xeral. Os entes reguladores públicos poderán en todo caso establecer consultas non discriminatorias con organización democráticas da sociedade civil.*
  - *Que velen porque os acordos comerciais sigan estritamente criterios de transparencia, participación cidadá, solidariedade, democracia e soberanía, para promover prácticas que sexan xustas e que sirvan ao interese xeral das persoas e dos pobos e respecten e favorezan o desenvolvemento dos seus dereitos e liberdades.*
- 3) *Dar traslado deste acordó aos Gobernos de España e de Galicia e a todos os grupos parlamentarios deo Congresos dos Diputados , do Parlamento Galego e do Parlamento Europeo, para que se rexistre e quede constancia do mesmo.*

*E para que conste para os efectos oportunos os asinantes, en calidde de veciños do Concello de Allariz proponen que esta Iniciativa Popular sexa incluída e debatida no próximo Pleno Municipal.  
Allariz, 25 de abril de 2016*

O BNG, sinala o Alcalde, apoia a iniciativa nos termos expostos na medida en que é integrante da plataforma de oposición creada a estes tratados, e por outra, para os representantes do BNG, tanto no Congreso do Deputados, con distintas iniciativas como a promovida como proposición non de lei o 26 de outubro de 2015, asinada polas dúas Deputadas, Rosana Pérez e Olaia Fernández Davila, teñen manifestado unha posición coincidente con estas propostas xa que o único obxectivo, ao seu modo de ver, por parte distes tratados é servir aos interes das grans empresas multinacionais co fin de garantizas as súas inversións, aumentar os seus ingresos, levándose por diante os dereitos laborais, sanitarios, educacionais, sociais... e mesmo de seguridade alimentaria, incluso ambientais, e supón unha auténtica capitulación ós intereses das grandes empresas, tendendo os estados europeos a súa soberanía dunha forma vergonzosa. Mesmo, como se ten denunciado, os parlamentarios teñen dificultade para acceder ós propios textos que se están negociando, dos que non se pode obter copia, ou ter que ser examinados en presenza dos funcionarios correspondentes. No propio Parlamento Galego, o grupo do BNG ten presentado iniciativas críticas contra estes tratados e polo tanto coinciden nas denuncias que se expresan, alármaos que a evolución da UE teña estes matices tan pouco respetuosos coa democracia, coa soberanía popular dos parlamentos e, se isto sucede a nivel estatal, qué suporá elo para un país como Galicia que conta con tan poucas atribucións para defender os seus propios intereses. Por todo elo, o BNG expresa o seu apoio a esta iniciativa e tamén o voto favorable á mesma.

Polo Grupo municipal do Partido Popular, a súa concelleira, María del Carmen Pérez González, antes de expoñer a posición do seu grupo pregunta se é posible ver as firmas de quen es subscriben a iniciativa.

O Alcalde explica que o documento está a disposición dos grupos, tamén xa estivo desde a súa inclusión na orde do día, e conta cunha dilixencia do Sr. Secretario nos seguintes termos:

*Para facer constar que, con data 25 de abril de 2016, con Rexistro de entrada neste Concello de Allariz núm. 1225, ó abeiro do disposto no artigo 17 do Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Allariz ( BOP de 31 de maio de 1995), presentouse unha " **Iniciativa Popular contra os Tratados do TTIP, CETA, EPA e TISA** " que se negocian por parte da Comisión Europea. A iniciativa presentouse nun documento de 34 folios, dos cales, os catro primeiros conteñen un texto cunha exposición de motivos, xustificación e acordos, e nos trinta restantes figura unha relación de 318 persoas con nome e apelidos, DNI, localidade e firma. Na páxina 6 da relación, na liña 15, figura unha persoa insuficientemente identificada, sen nome e apelidos nin DNI.- E para que conste e surta os efectos oportunos asíno a presente en Allariz a 26 de abril de 2016. O Secretario.*

Seguidamente a concelleira expón a posición do Partido Popular sinalando que o Acordo Transatlántico para o Comercio e o Investimento (coñecido polo acrónimo en inglés TTIP (Transatlantic Trade and Investment Partnership), é o nome que se lle dá a un convenio que empezou a fraguarse no ano 2011 e que se está negociando na actualidade desde o ano 2013, entre os Estados Unidos e a Unión Europea a través da Comisión Europea.

A finalidade deste tratado é dinamizar o comercio transatlántico e simplificar e facilitar a vida das empresas reducindo as tarifas aduaneiras así como os trámites burocráticos.

Calcúlase que a economía da UE podería obter uns beneficios de aproximadamente 119.000 millóns de euros anuais, o que equivale a 545 euros extraordinarios por fogar medio na UE, contribuindo a elevar o PIB anual en ambos os bloques un 0,5% do PIB, aos dez anos de porse en marcha ou a xerar até dous millóns de empregos nos países industrializados.

En España, saíran beneficiados os sectores onde a exportación é elevada como roupa, calzado, conservas de peixe e outros produtos agroalimentarios, concretamente os produtos nos que os dereitos de aduanas nos EEUU son especialmente altos e que ademais compiten con outros países que non teñen que pagalos.

Os trámites para a súa entrada en vigor serían os seguintes: Unha vez concluídas as negociacións polas delegacións de ambas as partes, no ámbito europeo a Comisión europea, presentarao ao Consello da Unión, que deberá aprobalo por maioría cualificada (55% dos Estados que representen o 65% da poboación). Tras este visto e prace, someterase a aprobación no Parlamento europeo e, posteriormente ratificarase polos Parlamentos nacionais. Temos que ter presente que as votacións son sobre a totalidade do proxecto, e que, por tanto, non caberían emendas dos Estados.



Coñécese o Mandato Negociador que recibiu a Comisión Europea para o TTIP que garante un resultado equilibrado.

Pero, ¿téñome que preocupar das normas vixentes en materia de consumidores, medio ambiente e protección da saúde? ¿Téñome que preocupar pola homologación de normas e esixencias administrativas? A resposta é non. Os niveis de protección en cultivos transxénicos ou no uso de hormonas de crecemento, os suplementos alimenticios ou a aplicación masiva de antibióticos no gando, na privacidade dos datos, as explotacións de hidrocarburos coa técnica do fracking ou cuestións laborais son liñas vermellas que non se van a traspasar, xa que ese é o mandato recibido polos 28 membros da UE.

Pola súa parte, o Goberno de Obama non está disposto a cambiar a Buy American Act, que permite primar a produtos estadounidenses en contratos públicos, e só aceptará excepcións. E o Executivo estadounidense négase a debater unha armonización das normas sobre a banca, ao considerar que a regulación europea é demasiado laxa.

Armonización e tribunais. Niste apartado, négociase a creación dun órgano (un corpo de cooperación regulatoria ou consello de cooperación regulatoria) para supervisar que a norma en discusión teña en conta como está regulada a cuestión alén do charco. O obxectivo é homologar a regulación desde o berce para evitar diverxencias que restrinxan o comercio e o investimento, para evitar conflitos. Para o caso de que xurdan, exponse a creación dun tribunal de arbitraje que permita ás empresas recurrir a sistemas de resolución de conflito investidor-Estado (en inglés, ISDS). En ambos os supostos, a Comisión avoga por un sistema o máis transparente e limitado posible.

O mandato negociador do TISA indica que o obxectivo do tratado é a liberalización progresiva do comercio de servizos xa que é a vía para promover o crecemento económico, mencionándose a necesidade de impulsar a participación dos países en desenvolvemento, e eliminar as normas estatais que sexan discriminatorias. O acordo final debe incluír un número limitado de sectores que se manterían ao abrigo da liberalización, mencionándose expresamente o sector audiovisual, os servizos prestado no exercicio da autoridade gobernamental e aqueles que se consideren necesarios para satisfacer os obxectivos de política pública, co cal nin hai obriga de privatizar ningún servizo, e para evitar excesos, blindase certo número deles.

Respecto da cuestión da supresión dos aranceis do tratado EPA, que é o inconveniente mencionado na iniciativa presentada, é dabondo coñecido que o obxectivo principal das barreiras arancelarias é impedir a importación de certas mercadorías para incrementar o intercambio con outros países aos que non se lles cobran. Impídese o libre comercio e favorécese ás multinacionais protexéndoas da competencia emerxente dos países en desenvolvemento, perden os consumidores que pagan un prezo máis alto e as economías con remanentes de ineficiencia. Por tanto, a súa eliminación favorecería tanto a Europa como a África.

Por todo o exposto, consideramos que a iniciativa carece de fundamento.

Por parte do Grupo municipal do PsdeG-PSOE, a súa portavoz, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba, non fai uso do seu turno.

Intervén finalmente o Alcalde para sinalar que xa lle gustaría que con estes tratados se producira o panorama tan idílico que se expresa pola concelleira do Partido Popular no senso de que os poderes da UE, Troika e FMI, as medidas que están adoptando van mais ben en sentido contrario, así se veu coas recetas que se aprobaron para Grecia, Portugal e España que basicamente coinciden todas elas: hai que reducir dereitos laborais, flexibilizar, reducir custes laborais, polo tanto precarizar emprego, hai que reducir servizos públicos que formaban parte do estado de benestar, ahí están as medidas de copago, con toda a fiscalidade menos progresiva que fai que as rendas de capital teñen marcos máis favorabeis, e ó mesmo tempo tamén hai que legislar ó servizo das grandes multinacionais. Ahí está o rescate do capital financeiro con fondos públicos malvendido posteriormente... son políticas, sinala o Alcalde, que posteriormente, que os veciños e veciñas padecemos no nosa propia carne. Son marcos que poden cambiar moito as regras de xogo. Non hai mais que ver a normativa que impide aos concellos abrir servizos que impiden contratar con persoal propio, salvo que se abran os servizos contratando cunha empresa que os xestione, aumentando o gasto non polo capítulo 1 senón polo capítulo 2. Por estas razóns, o BNG considera que son atinadas as reflexións que figuran no documento e como mínimo debería haber un acordo e unha participación social que vaia moito mais alá do referendo pola UE a nivel de Estados; son cuestións que van afectar a xeneracións futuras, que van afectar de xeito relevante mesmo ó que poden ser os marcos normativos e a soberanía dos propios estados para poñer en marcha políticas de desenvolvemento económico e social.

Por outro lado, -continúa o Alcalde- tamén parece bastante aceptado que a globalización non supuxo un maior intercambio comercial aproveitando cada país as súas posibilidades, mais ben significou un reforzo das grandes multinacionais, unha concentración cada vez en menos máns das propias empresas, cada vez o libre mercado existe menos na realidade e polo tanto, o BNG claro que aposta por un desenvolvemento de cooperación entre os diferentes países, pero non baixo esta óptica. Porque se os servizos sanitarios entran de cheo neste afán privatizador, se hoxe xa hai dificultades para atender supostos como os da hepatitis C que sucedería nunha escala na que o único elemento... Non hai ningún dato, reitera, na evolución que presenta a actual concentración de empresas que leve a entender que este acordo vaia ser beneficioso para as familias, para os traballadores e para o desenvolvemento económico e social, mais ben serán para as grandes multinacionais, precarizando as condicións laborais como se está vendo continuamente, mesmo así o resaltaba o catedrático Emilio Ontiveros recentemente en Ourense. Para terminar, reitera que valora de xeito positivo a proposta, subscribe ademais que vai haber poboacións que sufran con maior rigor estes tratados, que van ser os países periféricos, e Galicia sería dos territorios nos que as súas consecuencias se verían notar con maior incidencia. Por todo elo, o BNG mantén o seu voto favorable á proposta.

A pesar do interesante da exposición, sinala a concelleira do PP, todo isto terá que quedar a espera de que se realicen as eleccións en EE.UU. Francia e Alemania; o tratado vaise retrasar, como pouco, 2 ou 3 anos, e non se descarta a non aprobación. De calquer xeito, non deixa de ser curioso que a posición do Sr. Alcalde coincida coa posición de Donal Trump, que tamén é contrario.

Intervén finalmente o Alcalde para sinalar que os motivos de coincidencia deber ser ben diferentes. Con todo, sobre o que pode suceder, nin siquiera os propios Deputados poden obter copias da documentación, pero ó marxe desto está a práctica que se está seguindo que é evidente, en materia de redución de trabas ás transnacionais, redución dos servizos públicos, mais precarización, isto é algo que os veciños poden comprobar facilmente. Subas dos impostos indirectos, que todos pagan, con independencia da súa renda dispoñible, cómo cada vez a rendas de traballo tributan mais, isto é palpable. Por eso entende que estes tratados tenden a consolidar estas políticas que xa se están percibindo. Isto sería bo que fora refrendado, debatido, por eso entende que, aínda que a cuestión supere o ámbito das competencias municipais, sen embargo, como van ter unha incidencia directa nas noas vidas é interesante que quede constancia da posición fronte a estes asuntos, sobre todo cando chega a través dunha iniciativa popular que subscribe mais do 5% do censo, como existe un Regulamento de Participación Cidadá do que o Concello de Allariz pode presumir de ser pioneiro, xa que foi aprobado no ano 1995, agora que tanto se fala de promover a participación dos cidadáns.

Concluída a exposición, sométese o asunto a votación co seguinte resultado:

Resultado votación	Votos	Grupo político
SI	9	BNG
	1	PSdeG-PSOE
Non	3	PP

Declarase aprobada pola maioría absoluta legal a iniciativa popular contra os tratados do TTIP, CETA, EPA e TISA.

**5. REATUR,SA.- Constituído o pleno en xunta xeral da empresa municipal Reatur, SA, aprobación, se procede, da conta anual do exercicio 2015.**

Este punto, igual que o seguinte, ten que ver coa normativa propia das sociedades mercantís que requiren uns prazos diferentes da conta xeral na que novamente se van aprobar as contas das empresas municipais, pero agora, o pleno constituído en xunta xeral para cada unha das empresas debe coñecer e, no seu caso, aprobar as contas das respectivas empresas, en tempo e forma, de acordo coa normativa propia destas empresas, explica o Alcalde.

Intervén, en primeiro lugar, a concelleira de promoción económica, Cristina Cid Fernández, en calidade de conselleira delegada de Reatur, S.A., para sinalar que a cifra de negocio desta empresa no 2015 elevouse a 365.198 euros, un 16,46% superior ao 2014, esto arroxa un resultado positivo do exercicio, antes da amortización, de 23.012 euros, e despois da amortización, de 1.976,30 euros. O resultante do cálculo do imposto de sociedades, feitas as retencións de 19.374 euros, indica un importe da devolver por parte de Facenda de 19.374 euros. Os préstamos pendentes de amortizar por parte da sociedade a 31 de decembro ascenden a 143.475 euros, dos que 37.000 se corresponden co préstamo hipotecario do camping e a hípica, e outro, mais importante, con Abanca, de 46.785 euros correspondente ao rescate dunha concesión municipal que se fixo fai anos parte de Reatur. Estas contas arrojan tamén que o patrimonio da empresa ascende a pouco mais de dous millóns de euros. É importante salientar, sinala a conselleira, datos que non aparecen na conta de resultados e nas cifras, pero que son os que permiten ver se a empresa cumpre os obxectivos para os que foi constituída. Así, a cifra de negocio do complexo do camping e a hípica ascende a 167.853 euros, nos outlets estamos practicamente nos cen mil euros, o cal nos dá unha renda media por local alugado de casi 7.000 euros/ano, e por excursións e visitas 42.395 euros, o cal significa que no ano 2015, foron 193 grupos atendidos por Reatur, cunha media de 45 persoas/grupo, e polo tanto 8.685 persoas solo en excursións e visitas. Unha boa parte proceden de coléxios, polo tanto nenos e pais. O número total de persoas atendidas ascendeu a 18.137 persoas. Considera a conselleira que estes datos de atención a persoas son importantes, non pola propia actividade da empresa, senón pola repercusión directa e indirecta sobre a economía local, o cal permite valorar positivamente a propia actividade da empresa municipal. Por todo elo, o Grupo municipal do BNG vai votar favorablemente esta conta de Reatur, S.A, conclúe.

Polo Grupo municipal do Partido Popular, a súa portavoz, Luz Doporto Real, sinala que o debate sobre estas contas farase en conxunto coa conta xeral do concello porque considera importante que as cifras se venzan en conxunto, con independencia de que, por razóns de cumprimento dos prazos legais, agora se teñan que aprobar as contas das empresas. O Partido Popular, non obstante, vai votar en contra porque o resultado económico das empresas non é tan favorable como describe a conselleira delegada, porque unha empresa que ten 143.000 euros de préstamos non é unha empresa que teña unha solvencia como probablemente debería ter. Sería importante saber, e para elo pedirá a información e a documentación necesaria, por qué durante o ano 2015 aumentaron os gastos de persoal, tanto en Reatur como no Concello, cando hai limitacións para a contratación. A explicación que se lles deu con respecto ao concello parece razoable polo tema do obradoiro de emprego, pero Reatur non ten nada que ver con estes obradoiros e polo tanto algunha explicación ten que haber, pero descoñécese. Ademais, a cifra global de gasto por este concepto tiña que ser mais baixa porque foi o ano que tiña que reflectir que o cargo da xerente da empresa pasou a ser asalariada do concello, como concelleira con adicación exclusiva. Espera que esto se explique, conclúe.

Polo Grupo municipal do PsdeG-PSOE, a súa portavoz, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba, non fai uso do seu turno.

Intervén finalmente o Sr. Alcalde para sinalar que, de acordo co exposto, no momento da aprobación da Conta Xeral do Concello farase un debate amplo e responderase entón a todas as cuestións prantexadas.

Polo exposto,

De conformidade co dictamen favorable da comisión de facenda, persoal e réxime interior de data 26/04/2016.

*O Pleno, constituído en Xunta Xeral de Reatur S.A., acorda, pola maioría absoluta legal, cos votos favorables dos concelleiros do BNG (9) e da concelleira do PSdeG-PSOE (1), co voto en contra do PP (3), aprobar as seguintes propostas:*

*PRIMEIRO. Nomear Presidente e Secretario da Xunta Xeral de REATUR, SA., empresa de capital integramente municipal:*

*Presidente: Francisco García Suárez, Alcalde.*

*Secretaria: María Cristina Cid Fernández, Concelleira de Promoción Económica.*

*SEGUNDO. Aprobar as contas anuais correspondentes ao exercicio 2015, pechado o 31 de decembro de 2015.*

TERCEIRO. Aplicar o resultado nos seguintes termos:

BASE DE REPARTO	2015
Perdas e ganancias	1.976,30

CUARTO. A sociedade cumpre as condicións para formular as contas anuais de forma abreviada por concorrer as seguintes circunstancias durante os dous últimos exercicios:

BALANCE E ECPN ABREVIADO

	Límite	2014	2015
Cifra anual de negocios	5.700.000,00	207.133,20	262.385,84
Total activo do Balance	2.850.000,00	2.219.466,68	2.190.511,11
Nº medio de traballadores	50,00	7,3	6,3

PERDAS E GANANCIAS ABREVIADO

	Límite	2014	2015
Cifra anual de negocios	22.800.000,00	207.133,20	262.385,84
Total activo do Balance	11.400.000,00	2.219.466,68	2.190.511,11
Nº medio de traballadores	250	7,3	6,3

QUINTO. As Contas Anuais do exercicio 2015, foron aprobadas polo Pleno da Corporación local, constituído en Xunta Xeral da sociedade mercantil e constan de 30 páxinas, cuxos exemplares se achegan á presente certificación en soporte magnético. Os devanditos documentos non foron sometidos a verificación de auditor, conforme o artigo 263.2 do RD Lexislativo 1/2010, de 2 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital.

SEXTO. Facultar á Conselleira Delegada da entidade, Da. MARIA CRISTINA CID FERNÁNDEZ, para que compareza no Rexistro Mercantil e formalice as rendicións e declaracións das contas oportunamente.

**6. MEDIOAMBIENTAL ALARICANA, SL.- Constituído o pleno en xunta xeral da empresa municipal Medio Ambiental Allaricana, SL, aprobación, se procede da conta anual do exercicio 2015.**

Intervén o concelleiro de medio ambiente, Bernardo Varela López, en calidade de administrador único da sociedade, para sinalar que esta empresa, dende fai 2 anos, é unha empresa que está en situación de hibernación, non está realizando actividade algunha, e polo tanto, non ten traballadores. As contas reflicten esta situación, cun resultado positivo de 89 euros, logo de impostos, antes sería de 119 euros, e son debidos á regularizacións por venda de activos.

Non hai intervencións por parte dos grupos políticos.

Polo exposto,

De conformidade co dictamen favorable da comisión de facenda, persoal e réxime interior de data 26/04/2016.

O Pleno, constituído en Xunta Xeral de Medioambiental Alaricana, S.L., acorda, pola maioría absoluta legal, cos votos favorables dos concelleiros do BNG (9) e da concelleira do PSdeG-PSOE (1), co voto en contra do PP (3), aprobar as seguintes propostas:

*PRIMEIRO. Nomear Presidente e Secretario da Xunta Xeral de MEDIOAMBIENTAL ALARICANA S.L, empresa de capital integramente municipal:*

*Presidente: Francisco García Suárez, Alcalde.*

*Secretaria: M<sup>a</sup> Cristina Cid Fernández, Concelleira de Promoción Económica*

*SEGUNDO. Aprobar as contas anuais correspondentes ao exercicio 2015 pechado o 31 de decembro de 2015.*

*TERCEIRO. Aplicar o resultado nos seguintes termos:*

<i>BASE DE REPARTO</i>	<i>2015</i>
<i>Perdas e ganancias</i>	<i>89,12</i>

*CUARTO. A sociedade cumpre as condicións para formular as contas anuais de forma abreviada por concorrer as seguintes circunstancias durante os dous últimos exercicios:*

*BALANCE E ECPN ABREVIADO*

	<i>Límite</i>	<i>2014</i>	<i>2015</i>
<i>Cifra anual de negocios</i>	<i>5.700.000,00</i>	<i>1.500,00</i>	<i>0,00</i>
<i>Total activo do Balance</i>	<i>2.850.000,00</i>	<i>80.285,96</i>	<i>77.563,97</i>
<i>Nº medio de traballadores</i>	<i>50,00</i>	<i>0</i>	<i>0</i>

*PERDAS E GANANCAIS ABREVIADO*

	<i>Límite</i>	<i>2014</i>	<i>2015</i>
<i>Cifra anual de negocios</i>	<i>22.800.000,00</i>	<i>1.500,00</i>	<i>0,00</i>
<i>Total activo do Balance</i>	<i>11.400.000,00</i>	<i>80.285,96</i>	<i>77.563,97</i>
<i>Nº medio de traballadores</i>	<i>250</i>	<i>0</i>	<i>0</i>

*QUINTO. As Contas Anuais do exercicio 2015, foron aprobadas polo Pleno da Corporación local, constituído en Xunta Xeral da sociedade mercantil e constan de 30 páxinas, cuxos exemplares se achegan á presente certificación en soporte magnético. Os devanditos documentos non foron sometidos a verificación de auditor, conforme o artigo 263.2 do RD Legislativo 1/2010, de 2 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital.*

*SEXTO. Facultar D. BERNARDO VARELA LÓPEZ, en calidade de Administrador Único da sociedade unipersonal pública, para que compareza no Rexistro Mercantil e formalice as rendicións e declaracións das contas oportunamente.*

**7. Rogos e Preguntas.**

Non houbo.

*E non tendo mais asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, dando por terminada a sesión, ordenou o seu levantamento, ás vinte horas e cincuenta e seis minutos do mesmo día do seu comenzo, do que eu, como Secretario, certifico e dou fe.*

O ALCALDE

O SECRETARIO